




Guía de recursos da diversidade afectiva e sexual



Para traballar a diversidade sexual e a diversidade familiar en educación infantil e nos primeiros cursos de Primaria hai varios recursos literarios, sobre todo, a partir dos contos:

- **Velliñas**, de Charo Pita e Fátima Afonso, conto para crianzas de 3 a 7 anos. Ed. Oqo. Dúas velliñas comparten o pouquiño que teñen, pero teñen o máis importante, o forza do seu cariño e alegría.
- **Titiritesa**, de Xerado Quintiá e Maurizio Quarello, conto para crianzas de 3 a 7 anos. Ed. Oqo. A Titiritesa quere casar pero ela rexeita esa imposición e vai correr aventuras onde coñece a unha princesa de labios doces...
- **Paula tiene dos mamás**, de Leslea Newman e Mabel Piérola. Ed. Bellaterra. Paula descubre que o importante é o cariño e non quen forma unha familia.
- **Tres con tango**, de Justin Richardson e Peter Parnell. Ed. Serres. Dous pingüíns machos adoptan a un bebé pingüín no Zoo de Nova York.
- **O día da ra vermella**, de Esther Elexgaray e Raúl Domínguez. Ed. A Fortiori. De súpeto, todos os ollos repararon neles dous. O príncipe herdeiro non casa cunha princesa xa que Morgana dixo 'amor verdadeiro'.



Para traballar a diversidade sexual en Primaria destacamos estes recursos educativos:

- **El secreto de las familias: una historia de dos niños con dos mamás y muchos dragones**, de Carlos de la Cruz e Antonio Acebal, conto para rapazas e rapaces de 8 a 10 anos. Ed. Colectivo Milenta Mujeres. Dous nenos que viven coas súas dúas mamás buscan entre castelos e dragóns se a súa é tamén unha familia.

- **Cuentos de la diversidad:**

<http://www.wikilgtb.org/webquestPrimaria/introduccion.htm>

Este proxecto é unha webquest para o alumnado de 6º de Primaria onde se propón a lectura de varios contos e que despois os propios rapaces e rapazas escriban un conto novo sobre a diversidade. Realizada pola Comisión de Educación de Cogam.




Para traballar a diversidade sexual en Secundaria hai distintos tipos de recursos como as unidades didácticas:

- **El amor y el sexo no son de un solo color.** É unha pequena guía informativa que entrelaza texto e banda deseñada para traballar os temas lgbt na aula e fóra dela. <http://www.felgtb.org/es/areas-de-trabajo/educacion>
- **El respeto a la diferencia por orientación sexual.** Unha completa guía didáctica feita polo grupo asturiano Xega onde a homosexualidade se trata para os cursos da ESO dende varias materias: Historia, política, arte, literatura, cine e música. <http://xega.org/xega/publicaciones>
- **Guía didáctica sobre transexualidad para jóvenes y adolescentes.** É unha guía feita pola formada por fragmentos da banda deseñada "Aniel" e por textos explicativos moi sinxelos. <http://www.cogam.org/secciones/educacion/>
- **Inclou, gais i lesbienes en la educació** Inclou é unha organización catalá de ensinantes que traballa especificamente o tema lgbt na educación. Conta con unidades didácticas sobre algunhas materias. <http://www.inclou.org/>

A diversidade sexual en Secundaria tamén se pode traballar a partir de outros materiais como blogs ou páxinas web:

- **O blog <http://www.biblioqueer.org/>** É un blog feito por dous bibliotecarios galegos onde traballan a temática lgbt a través das bibliotecas. Ten entradas onde recomentan libros, bandas deseñadas, filmes e música.
- **Guía desmontando armarios.** A Biblioteca do centro IES Afonso X O Sabio de Cambre preparou unha guía de lectura lgbt. <http://sites.google.com/site/biblioafonso/GuaGLTBpdf.pdf?attredirects>



- **O blog <http://karicies.blogspot.com/>** É un blog sobre Educación afectivosexual do IES Isabel de Villena (Valencia) onde se poden atopar entradas, experiencias e bibliografías.
- **A páxina web da ILGa (International Lesbian and Gay Association)** ten recursos en mapas e novas sobre os dereitos de lesbianas, gays e transexuais de todo o mundo. <http://ilga.org/>
- **A wikipedia galega** ten un apartado onde reúne os artigos lgbt. <http://gl.wikipedia.org/wiki/Categor%C3%ADa:LGBT>
- **A Comisión de Educación** do Colectivo Gay de Madrid (Cogam) ten unha canle en youtube cunha selección de vídeos.
- **Amnistía Internacional** elabora informes dos dereitos humanos de minorías sexuais. <http://www.es.amnesty.org/temas/minorias-sexuales/>
- **A web de nais e pais de gays e lesbianas** É a páxina da AMPGIL, onde tratan desde un punto de vista pedagóxico e práctico a asunción por parte dos nais e pais da diversidade sexual de fillos e fillas. <http://www.ampgil.org/>

DECLARACIÓN DE DEREITOS DOS ESTUDANTES LGBTQ (LESBIANAS, GAIS, BISEXUAIS, TRANSEXUAIS E QUE SE CUESTIONAN A SÚA SEXUALIDADE)

Dereito a recibir información exacta e axeitada sobre a orientación sexual nos libros de texto e noutros materiais educativos.

Dereito a recibir información imparcial sobre as contribucións que produciron ao longo da historia as lesbianas, gais, bisexuais e tranxéneros en todas as áreas do coñecemento, entre as cales destacan a arte, a literatura, a ciencia, os deportes, a historia e as ciencias sociais.

Dereito a ter modelos positivos, tanto en persoa como no currículo; dereito a unha información exacta sobre si mesmos/as, sen prexuízos, formulada por adultos preparados que non informen tan só aos e as estudantes lgbtq senón que os e as apoiem.

Dereito a asistir á escola sen ter que sufrir violencia verbal ou física, de forma que a educación e non a supervivencia sexa a prioridade dos estudantes.

Dereito a asistir a escolas onde o respecto e a dignidade de todos os e as estudantes, incluídos os/as estudantes lgbtq sexa unha das prioridades formuladas pola inspección educativa, apoiada polas autoridades locais e nacionais de educación e que se aplique e se faga cumprir pola inspección, a dirección dos centros e o profesorado na aula.

Dereito a formar parte de todos os programas de apoio que existan para axudar adolescentes a superar as dificultades da adolescencia.

Dereito a ter lexisladores que garantan os seus dereitos constitucionais e loiten por eles, en lugar de lexisladores que reforcen o odio e os prexuízos.

Dereito a unha educación libre de homofobia e de discriminación.

Scott Bidstrup

Asociacións que traballan a diversidade sexual na Galiza

- Aturuxo, é a federación galega de organizacións lgbt: <http://agal-gz.org/blogues/index.php/LGBT/>
- Maribolheras Precarias: <http://maribolheras.com>
- A rede feminista galega: <http://redefeministagalega.blogaliza.org/>



A "Declaración de dereitos dos estudantes LGBTQ" foi traducida ao catalán por Iñaki Tofiño e ao galego por Xosé Serén. Foi tirada de "Introducció a la diversitat afectiva i sexual", dos Cadernos de Inclou. Baseado nun documento adaptado por GLAAD/SFBA's Project 21 a partir de documentos de Project 10 (Los Angeles Unified School District) e do documento «Teaching and Counseling Gay & Lesbian Students Action Sheet» da National Education Association (EUA).

Glosario básico

- **Bisexual:** Persoa que, indistintamente, sente atracción afectiva e sexual por homes ou por mulleres
- **Entender:** Sentir atracción sexual por persoas do mesmo sexo
- **Familia homoparental:** Familia formada por unha parella de homes ou de mulleres e os seu fillos
- **Gai:** Home homosexual
- **Xénero:** Conxunto de contidos socioculturais que se dan ás características biolóxicas e que diferencian a homes e mulleres establecendo comportamentos, actitudes e sentimentos masculinos e femininos.
- **Heterosexual:** Persoa que sente atracción afectiva e sexual cara a persoas do seu sexo oposto
- **Homosexual:** Persoa que sente atracción afectiva e sexual cara a persoas do seu mesmo sexo
- **Homofobia:** Aversión, rexeitamento ou temor, que pode chegar ao patolóxico, a gais e lesbianas, á homosexualidade ou as súas manifestacións.
A homofobia está relacionada co rexeitamento xeral aos grupos minoritarios, e emparentada, polo tanto, co racismo e a xenofobia
- **Identidade de xénero:** Sentimento psicolóxico de ser home ou muller e adhesión a certas normas culturais relacionadas co comportamento feminino ou masculino
- **Lesbiana:** Muller homosexual
- **Orientación sexual:** É a atracción cara a outra persoa no plano emotivo, romántico, sexual ou afectivo.
O termo fai referencia aos sentimentos dunha persoa e cara ao obxecto en que están enfocados os seus desexos. Para a maioría das persoas, a orientación sexual defínese na infancia-adolescencia sen necesariamente pasar por unha relación sexual. Ás veces esta orientación márcase como definitiva, noutras ocasións vai mudando e modificándose ao longo da vida da persoa.
A orientación sexual non é unha opción, e polo tanto non pode ser escollida nin cambiada a vontade
- **Pluma:** Amaneramento tanto en homes como en mulleres. Cando se refire a homes, sería toda demostración ou xesto que se relaciona normalmente coas mulleres; e, nas mulleres, os xestos e actitudes relacionadas socialmente co masculino. Non ten unha correlación coa orientación sexual
- **Saír do armario:** Acto ou proceso de revelar públicamente a orientación gai, lesbiana ou bisexual dun mesmo. Enténdese como un xeito saudable de compartir información persoal coas persoas do seu entorno
- **Transfobia:** Aversión, rexeitamento ou temor ás persoas transexuais, á transexualidade ou as súas manifestacións
- **Transexual:** Persoa que nace co sexo biolóxico dun xénero co que non se sente identificado

FONTES

- <http://www.biblioqueer.org>
- <http://www.felgtb.org/es/areas-de-trabajo/educacion>
- Cultura gai, lésbica i transsexual: bibliografía selectiva. Blblioteques de Catalunya.
- <http://www.inclou.org>

Este caderno "Guía de recursos da diversidade afectiva e sexual" foi feito en maio do 2010 por Biblioqueer: grupo de traballo de bibliotecas e GLTB (<http://www.biblioqueer.org>) e Andaime, enxeñaría social e cultural (<http://andaime.blogaliza.org>) para o STEG: Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza (<http://www.stegsindicato.org>)